



Deputación
DA CORUÑA

Nº 64
31/10/2018

Boletín de Medio Ambiente



Ruta dos Tres Ríos (PRG – 121)

Concello: Touro

Por onde pasa?: percorre a ribeira dos ríos Ulla, Beseño e Lañas.

Lonxitude: 9 km.

Monumentos de interese: Ponte Basebe, Fervenza do Salto das Pombas, Muíño da Carballa, Muíño de Santaia, Área Recreativa da Ponte Santaia e Montes de Fao.

Dificultade: Media-Baixa, dunhas 3 horas e media aproximadas de duración.

Noticias

Cal é a cidade máis contaminada?

Neste Día Mundial das Cidades, recollemos algúns datos sobre as cidades a nivel mundial. A consultora *Arcadis* elaborou en 2016 unha clasificación sobre urbes sustentables. O estudo mide a sustentabilidade das cidades en tres parámetros: calidade de vida, medio ambiente, e economía e mobilidade.

A medalla de ouro lévalla Zúric, que obtén altas puntuacións en coidado do medioambiente, pero falla en temas como os prezos alcanzables e o equilibrio entre o traballo e a vida privada. Entre as cidades máis contaminadas atópanse Delhi, Bombai, Cádiz, O Cairo, Dacca e Pequín. E as que gozan de máis árbores son Tampa, Singapura, Oslo, Sídney, Vancouver.

Fonte: El País

A reciclaxe de plástico non deterá a contaminación mariña

A organización *Oceana* pediu aos representantes dos gobernos e empresas que participan na conferencia «O noso Océano», que este ano se celebra en Bali que se comprometan a reducir a produción de plástico e buscar alternativas.

O seu director executivo, Andrew Sharpless, esixiu ao sector privado que utilice outros materiais «que non duren 1.000 anos no medio natural e non sexan tóxicos», durante unha rolda de prensa previa ao cume. Segundo o conservacionista, a produción de plástico crece a nivel global unha media do 4% cada ano, polo que se duplicará nos próximos 10 ou 15 anos».

Fonte: ABC

Si todos os habitantes do planeta quixesen comer saudable, non habería verduras e froitas para todos

Vos científicos compararon a produción agrícola global coas recomendacións de consumo de nutricionistas. Así, atoparon un desaxuste. "Non podemos adoptar todos unha dieta saudable baixo o actual sistema. Producense en exceso grans, graxas e azucres, mentres que a produción de froitas e verduras non é suficiente", explica o coautor do estudo, Evan Fraser, director do Instituto de Alimentos Arrell. Despois, proxectaron eses números para 2050, cando espérase que a poboación mundial alcance os 9,8 mil millóns. Agora, producimos 12 porcións de grans por persoa en lugar das 8 recomendadas; 5 de froitas e verduras en lugar de 15; 3 de aceite e graxa en lugar de 1; 3 de proteína en lugar de 5; e 4 porcións de azucre en lugar de ningunha.

Adoptar unha dieta máis saudable non só é bo para nós senón tamén para o planeta. Ademais, tamén atoparon que cambiar a produción para que coincida coas pautas nutricionais da dieta requiriría 50 millóns de hectáreas menos de terra cultivable, xa que as froitas e verduras consumen menos terra que o gran, o azucre e a graxa.

Fonte: Ecoticias

Cervantes chora ao vello Caroco

Os veciños de Quindous choran a un dos catro carballos centenarios da praza do Campo e un dos dous que figuran no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia. A nevada do pasado fin de semana desgarró as ramas de Caroco, e deixou o tronco espido. Caeron de noite as follas e pola mañá os habitantes espertáronse co espectáculo. Uns meses antes recolleron firmas para reclamar medidas para frear os síntomas de enfermidade que presentaban as árbores, que eran en dúas deles moi evidentes.

Fonte: La Voz de Galicia

422.000 mortes prematuras pola contaminación do aire

Segundo o informe anual 'A calidade do aire en Europa - 2018' publicado o 29 de outubro pola Axencia Europea de Medio Ambiente, a calidade do aire mellorou na UE nos últimos anos pero séguense rexistrando niveis de contaminación que superan os límites e directrices marcados pola propia UE e pola Organización Mundial da Saúde.

A contaminación atmosférica provocou a morte prematura de 422.000 persoas en 41 países de Europa en 2015, unha cifra lixeiramente inferior á do ano anterior pero aínda demasiado elevada.

O transporte por estrada é unha das principais fontes de contaminación atmosférica, en especial por contaminantes como o dióxido de nitróxeno e as partículas. As emisións da agricultura, a produción de enerxía, a industria e os fogares tamén contribúen á contaminación atmosférica.

Fonte: La Vanguardia

Sabías que...

nun estudo recente, publicado na revista *Nature*, probouse a dous grupos de abellas. O primeiro grupo foi alimentado con xarabe de azucre mesturado cun extracto do micelio fúnxico –unha serie de filamentos presentes nos corpos do fungo–. Este grupo desenvolveu defensas contra dous virus comúns que están a causar o colapso da especie. O segundo grupo, ao cal só se alimentou co xarabe de azucre, resultou moito máis propenso a contraer ambos os virus.

Boas Prácticas

Pagar o billete de metro con plástico

O metro da cidade turca de Istambul acepta botellas de plástico como forma de pago á hora de ir comprar un billete. Turquía é un dos países que máis residuos de plástico xera de Europa e onde menos se recicla.

Polo de agora trátase dunha proba piloto que funciona só nalgúns estacións e cun número limitado destas máquinas de reciclaxe. Por agora son só 25, pero espérase que pronto o número se amplie a 100. Ademais de botellas tamén se aceptan latas como moeda para pagar o billete do metro, cun prezo aproximado duns 30 envases para un traxecto desde o centro da cidade nos arredores.

Fonte: 20 minutos

Francia prohíbe un pesticida por intoxicacións

O Goberno francés anunciou que prohíbe, polo menos temporalmente, os produtos fito-farmacéuticos con metá-sodio despois de que varias decenas de persoas resultasen intoxicadas nos últimos meses polo uso dun pesticida dese tipo no oeste do país. A suspensión durará en principio tres meses, en espera das conclusións do traballo de avaliación da axencia sanitaria.

En España está rexistrado e autorizado e aplícase de dúas formas: cun tractor que o inxecta a unha profundidade de entre 20 e 30 centímetros na terra ou a través da rega por goteo, sobre todo dentro de invernadoiros.

Fonte: 20 Minutos

Os plásticos de usar e tirar quedarán prohibidos en Europa a partir do 2021

Os picnis no campo con vasos, pratos, tenedores e coitelos de plástico teñen os días contados. Do mesmo xeito que os bastoncillos de algodón, os palitos para globos, os colectores de comida rápida de poliestereno expandido e os produtos de plástico oxodegradables.

Todos estes materiais quedarán prohibidos na Unión Europea a partir do 2021 tras unha decisión histórica adoptada por ampla maioría -571 votos a favor, 53 en contra e 43 abstencións- no Parlamento Europeo.

Fonte: La Voz de Galicia

Axenda Ambiental

- 31/10/2018 Día Mundial das Cidades
- 6/11/2018 Webinar on the Natura 2000 and climate change impact
- 6/11/2018 Xornada "Coñecendo a memoria viva da Terra: A importancia do patrimonio xeolóxico"
- 9/11/2018 Xornada "Traballando en rede pola biodiversidade urbana" Oleiros

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal